

COCHÓN, Luís (ed.) (2012): *Saiban cantos estas cartas viren... Álvaro Cunqueiro e Alberto Casal (1955-1961)*. *Cadernos Ramón Piñeiro XXIII*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, 195 pp.

Resulta extraordinariamente gratificante encontrarse con libros coma este que coeditan a Xunta de Galicia (a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) e o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, co fin de que saian á luz “todas as cartas que tiveron a Álvaro Cunqueiro por destinatario”, en palabras do seu editor Luís Cochón. Os *Cadernos Ramón Piñeiro* dedican á figura mindoniense este número XXIII, neste caso con documentos epistolares e tres contos inéditos. O interese desta publicación débese, principalmente, ao feito de que o lector vai entrar na súa vida e polo tanto no seu pensamento, no Cunqueiro persoa máis que no Cunqueiro figura literaria. Este número presenta unha boa e extensa colección das cartas que se enviaron o escritor mindoniense e mais Alberto Casal, mais tamén unha de Eduardo Blanco Amor ao escritor mindoniense. Consérvanse moitas menos cartas escritas por Cunqueiro pois, segundo parece, non era moi dado a gardar este tipo de documentación. Deste epistolario podemos deducir, como ben fai César Cunqueiro González-Seco, fillo do mindoniense, que “a súa amizade foi enriquecedora para ambos”. Constitúe, polo tanto, unha obra imprescindible para todos aqueles interesados en coñecer o Cunqueiro máis íntimo, gran seareiro do fútbol e do Celta de Vigo e afeccionado á pesca de troitas. Tamén dan boa conta estas cartas das grandes amizades que tivo o mindoniense na súa vida, tanto galegos, Otero Pedrayo ou Bouza-Brey, coma de fóra das nosas fronteiras, como era o caso de Dámaso Alonso entre outros.

O libro reseñado, publicado en 2012, recolle no corpo unhas cantas cartas que se enviaron Alberto Casal e Álvaro Cunqueiro. A publicación reúne tamén unha carta de Eduardo Blanco Amor a Álvaro Cunqueiro, a Introducción de Luís Cochón, un Prólogo de César Cunqueiro González-Seco, as Cartas entre os protagonistas deste *Caderno Ramón Piñeiro*, tres Contos

inéditos escritos entre ambos e un Índice onomástico e outro cronolóxico que dan boa conta destes datos nas Cartas.

A través delas podemos coñecer a estreita relación que mantiveron Cunqueiro e Casal. Admirábanse persoal e tamén profesionalmente. Algunhas delas foron manuscritas, ben sexa a lapis, como por exemplo a número XVII, ou con outro instrumento; porén, outras, cóstanos que foron mecanoscritas, como a XV. Así mesmo, algunhas inclúen a correspondente situación espacial e temporal, mais as de Álvaro Cunqueiro en xeral ou non están datadas ou non están ben situadas no tempo. A boa edición do texto leva a cabo esta tarefa. Sabemos tamén por unha nota a pé de páxina do editor que este non leva boa conta dos cursos académicos dos seus fillos e adoita trabucarse. Nas cartas que Álvaro Cunqueiro escribe ás veces temos información moi íntima sobre o seu fracasado matrimonio ou sobre os estudos dos seus fillos, das que se deduce o orgullo que sentía por eles e a estreita relación que mantiñan ambos os amigos e tamén cos fillos deste. De feito, na XVIII coméntalle a Alberto que o seu fillo César lle vai escribir proximamente nunha carta. Queda reflectido en palabras de Cunqueiro o bo pai que era, pois prefería non facer unha viaxe e aforrar os cartos para poder pagar a residencia de estudantes onde se hospedaba o seu fillo. A carta XXIV tamén é especial ademais de fermosa, pois leva por título “A Becerreá en San Juan”: trátase aparentemente dun artigo de xornal ou dun ensaio e non leva destinatario. A XXIV inclúe un comentario con moita graza sobre o fútbol daquela e o seu equipo, o Celta de Vigo e mais de Crusat, o que daquela era presidente do clube galego. Amén disto somos testemuñas do que apreciaba Cunqueiro o xénero dos libros de cabalarías en varias cartas, na XXVI inclúe o índice definitivo do libro que pretendía publicar sobre esta temática pero que nunca chegou a saír do prelo. Algunhas cartas de Alberto a Cunqueiro están cheas de gabanzas por mor das súas obras. Un tema que abunda nelas son as doenzas que sofren ambos os dous; un bo exemplo atopámolo na XXVII. As referencias ás obras literarias do mindoniense son continuas; así mesmo tamén o son as súas traducións, ben se trate das que foron vertidas ao idioma español ou ao inglés.

A do “Hamlet” ao español parece que a fixo Casal. O traballo do editor Luís Cochón é magnífico porque revela datos moi precisos. Da carta XVI sabemos pola nota aclaratoria da que vai acompañada que nunca foi enviada por Alberto a Cunqueiro e que está inconclusa. Ademais disto nela faltan a data e a sinatura, por exemplo. Alberto Casal chega a citarse con César como o primeiro lle indica a Álvaro na XLIII. Inclúese tamén unha carta-telegrama, a número XLVII. A XLVIII máis que unha carta é unha invitación de Cunqueiro a Casal nun relatorio titulado “Hamlet y Romeo”. Algunhas inclúen artigos, coma a LI. As suxestións entre os amigos son constantes, aconséllanse en temas como a saúde e o traballo literario de ambos. Achegándonos ao final temos a Posdata que inclúe unha carta de Alberto a Álvaro Cunqueiro onde da conta de que casou nunha voda íntima e outra carta tamén de Casal pero esta vez enviada a César Cunqueiro. Non podemos deixar de dicir que nas cartas hai de todo, consellos, críticas, revelación de cousas íntimas e privadas que nos fan advertir a excepcional amizade que uniu a Cunqueiro e a Casal.

A continuación e cara ao final do volume está o Apéndice, que inclúe unhas verbas do prólogo “Merlín Cunqueiro, mi padrino” de Paula Casal no libro *Jordán escondido y otros cuentos* onde dá boa conta da relación que o seu pai, Alberto Casal, mantivo co seu padriño, Álvaro Cunqueiro. E xa como remate temos tres contos: “Daniela y la estrella”, “Historia del ángel Adriel, guardián de la puerta sur del paraíso” e “Historia de una isla llamada Brenda”, que protagonizan os fillos e as fillas de Alberto Casal, que son tenros e, ademais, impresionantes pois podemos percibir unha vez máis a calidade literaria de Cunqueiro. Como xeito de rematar unha magnífica edición, contamos cun Índice onomástico e un Índice cronolóxico cos emisores e destinatarios das cartas e coa súa datación, ás veces precisa e outras, porén, aproximada.

A modo de conclusión podemos sinalar que estamos perante un libro sumamente interesante e valioso, que presenta unhas boas notas do editor sobre a vida e obra de Cunqueiro e Casal e que permite ao lector introducirse no pensamento de ambos os dous. En definitiva, o libro ten unha vocación clara, a de achegármolos ás figuras máis persoais destes dous grandes das

letras galegas. A obra péchase coas publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, que inclúe recursos en liña e obras impresas de disciplinas diferentes.

María CURROS FERRO

LÓPEZ LÓPEZ, Yolanda (2013): *Moralla*. Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, Libros do Loureiro (nº 5), 90 pp.

Leo atentamente *Moralla*, o quinto libro de poemas en galego de Yolanda López, e descubro a forza da súa personalidade no “puño de cazador”, e atopo o seu sentimento de pertenza ao grupo nunha “caravana cósmica” chea de cosmopolitismo e referencias ás lecturas e músicas que pouco a pouco conforman a expresión propia da autora.

Neste libro, as palabras aparecen preñadas de significación nunha evolución constante do propio significado. Escápanse, escápanse á autora, as referencias que aparecen detrás das palabras empregadas nos seus versos.

Emerxe Yolanda coma os papaventos dos seus poemas con “sonidos vespertinos, fulgor azul” entre os actuais ventos de recortes e describe a vida en “O levitar das sombras”, primeiro grupo de poemas do libro. Estes vinte e un poemas retratan o amante ou aquilo que nunca virá pero polo que se agarda.

Nos seguintes 12 poemas preséntasenos Yolanda coma unha “vampiresa do sangue” ao redor dunha mentira. Yolanda é rotunda e decidida, continúa sempre loitando na vida e escribindo da vida, a que posúe e tamén pola que loita.

Esta vida que defende ou que procura a autora nos seus poemas agocha o medo humano tan frecuente á perda da propia identidade. De aí que axexemos a perda de conciencia do propio límite e é aquí onde a poesía de muller escrita por Yolanda, diferenciémola deste xeito da poesía feminina clásica ou da poesía feminista, achégase á postmodernidade máis estrita.

Son os últimos 20 poemas os que nos levan ao mundo máis poético e íntimo da autora, ás súas “fervenzas de cristal” á luz, ao silencio, porque a poesía é moitas veces silencio. Saber estar.